



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 4
Investimentos en activos físicos

Submedida 4.1
**Apoio aos investimentos en explotacións
agrícolas**



Índice

<u>1.</u>	<u>Medida 4. Invetimentos en activos físicos</u>	2
<u>1.1.</u>	<u>Submedida 4.1 Apoio aos invetimentos en explotacións agrícolas</u>	2
<u>1.1.1.</u>	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	2
<u>1.1.2.</u>	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	4
<u>1.1.3.</u>	<u>Como se outorga a axuda?</u>	5
<u>1.1.4.</u>	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	5
<u>1.1.5.</u>	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	7
<u>1.1.6.</u>	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	9
<u>1.1.7.</u>	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	9
<u>1.1.8.</u>	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	10
<u>1.1.9.</u>	<u>Marco normativo</u>	10
<u>1.1.10.</u>	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	11

1. Medida 4. Investimentos en activos físicos

Xunto con outras medidas programadas no PDR, o investimento en activos físicos oríéntase á mellora da competitividade das explotacións agrarias galegas, así como do sector agroalimentario no seu conxunto. Algúns dos apoios están baseados tanto na modernización da comercialización dos produtos agrarios como no aumento da dimensión territorial necesaria para lograr que os sectores gandeiro e forestal sexan estables e sustentables.

Baixo esta medida a inversión xunto á aplicación horizontal dos criterios de cooperación e innovación e o impulso aos mecanismos de integración da cadea de valor, deberían conducir á mellora dos ratios empresariais. Para iso, a medida estrutúrase en catro liñas de axuda:

- ✓ Submedida 4.1 Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas
- ✓ Submedida 4.2 Apoio aos investimentos en transformación/comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agrícolas
- ✓ Submedida 4.3 Apoio aos investimentos en infraestrutura relacionada co desenvolvemento, a modernización ou a adaptación da agricultura e a silvicultura
- ✓ Submedida 4.4 Apoio aos investimentos non produtivos vinculados ao cumprimento de obxectivos agroambientais e climáticos

1.1. Submedida 4.1 Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas

Esta axuda pretende apoiar a realización de investimentos nas explotacións agrícolas que fagan destas elementos máis competitivos do sector primario. Estes investimentos han de asegurar a viabilidade económica e a sustentabilidade para co medio das explotacións.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Mediante esta liña de axudas realizaranse tres tipos de operacións:

- ✓ Operacións encamiñadas a mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e a facilitar a súa reestruturación e modernización.
- ✓ Operacións encamiñadas ao fomento da utilización de maquinaria agraria en réxime asociativo.
- ✓ Operacións encamiñadas ao fomento de proxectos de explotación conxunta de instalacións e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo.

No caso de investimentos en explotacións agrarias que inclúan actuacións en regadíos, será de aplicación o establecido no artigo 46 do Regulamento (UE) 1305/2013. A este respecto, para



que ditos investimentos sexan elixibles haberán de cumprir as condicións especificadas a continuación:

- ✓ Coherencia con planificación hidrolóxica e Directiva Marco da auga
- ✓ Sistema de medición do uso da auga
- ✓ Condicións de elixibilidade específicas para os proxectos de mellora de instalacións de rega preexistentes
- ✓ Condicións de elixibilidade específicas de investimentos para a ampliación de superficie irrigada
- ✓ Investimentos de ampliación de regadío combinadas con outros de modernización de instalacións

Financiaranse aqueles investimentos nas explotacións que vaian acompañadas dun plan empresarial ou de negocio no que se demostre tanto a viabilidade do proxecto como o cumprimento das condicións de competitividade e a sustentabilidade do mesmo.

Considerarase que o plan de viabilidade cumpre as condicións establecidas cando, tras a súa realización, non diminúa a renda unitaria de traballo da explotación ou, nos casos nos que se incremente o número das UTA, non diminúa a marxe neta da mesma.

Tamén se considerará como investimento que mellore o rendemento global da explotación a que supoña unha mellora das condicións de traballo dos traballadores da explotación agraria, ou que mellore as condicións ambientais ou de hixiene e benestar na devandita explotación.

O plan de viabilidade, que deberá reflectir o grado de viabilidade económica, incluírá segundo os casos:

- ✓ Unha descrición da situación inicial da explotación agrícola, con indicación das fases e obxectivos concretos de desenvolvemento das actividades da nova explotación.
- ✓ Unha análise de mercado (matriz DAFO)
- ✓ Unha descrición da situación final unha vez levado a cabo o plan de empresa, comprendendo, polo menos, os seguintes datos:

Superficie da explotación, especificando a dos distintos cultivos, e cabezas de gando, por especies, e rendementos medios de cada actividade produtiva.

Maquinaria, equipo, melloras territoriais e edificios.

A organización e persoal da explotación (composición e dedicación da man de obra familiar e asalariada)

Plan de produción

Produción bruta de cada actividade produtiva

Gastos de cada actividade produtiva e gastos fixos do conxunto da explotación.





Estimación de RUT e UTA (segundo a definición destes parámetros establecida no Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia)

- ✓ Información pormenorizada sobre os investimentos a realizar e prazos (ingresos, gastos, investimento, financiamento, balance, conta de resultados e tesourería), no que se indiquen as melloras a realizar, se estableza unha valoración do seu impacto sobre o cambio climático (emisións de efecto invernadoiro, capacidade de adaptación), se inclúan medidas de aforro e eficiencia enerxética, consumo eficiente de auga,... e no que figure un estudo de impacto ambiental, no caso de que a normativa europea, estatal ou autonómica así o esixa, e que preste especial atención aos posibles impactos nas zonas incluídas en Rede Natura 2000.
- ✓ Información pormenorizada sobre formación, asesoramento ou calquera outra medida necesaria para desenvolver as actividades da explotación agrícola, incluídas as relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a eficiencia dos recursos

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

En función do tipo de operación establécense os seguintes beneficiarios:

- ✓ Mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización:
 - Titulares de explotacións agrarias
 - Mozos agricultores que se instalan nunha explotación de nova creación
- ✓ Fomento da utilización de maquinaria agraria en réxime asociativo:
 - Cooperativas agrarias
 - Cooperativas de utilización de maquinaria en común
 - Cooperativas de explotación comunitaria da terra
 - Sociedades agrarias de transformación procedentes de fusión de explotacións agrarias
- ✓ Realización proxectos de explotación conxunta de instalacións e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo:
 - Cooperativas agrarias titulares de explotación agrarias
 - Cooperativas agrarias con socios titulares de explotacións agrarias



1.1.3. Como se outorga a axuda?

Levaranse a cabo convocatorias de subvencións en réxime de concorrència competitiva, que poderán outorgarse como subvención directa de capital respecto do importe elixible, sen superar o límite de intensidade da axuda.

Habilitarase no seu caso a posibilidade do recurso de instrumentos financeiros, en forma de préstamos, que poderán combinarse coas subvencións do tipo de interese. Este recurso queda condicionado aos resultados da avaliación ex ante realizada segundo o artigo 30 do Regulamento (UE) 1303/2013, que demostre a existencia de deficiencias de mercado ou situacións de investimento subóptimas, estime o nivel das necesidades de investimento público e o seu alcance e estableza o tipo de instrumentos financeiros a aplicar.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Establécense os seguintes custos subvencionables en función do tipo de operación:

- ✓ Mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización

Serán elixibles os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, a competitividade ou a viabilidade das explotacións. En particular:

A reforma ou construción de instalacións e compra de maquinaria que supoñan:

- Unha redución nos custos de produción ou un incremento da produtividade
- A mellora das condicións agroambientais, hixiénico-sanitarias e de benestar dos animais que vaian máis aló dos requisitos obrigatorios
- O almacenamento de esterco ou instalación de sistemas alternativos que permitan reducir a carga de fósforo e nitróxeno e cuxo produto interactúe e mellore a estrutura do solo ou sistemas que melloren a eficiencia no uso de fertilizantes nitróxenos
- A diminución do consumo de enerxía ou de auga
- A mellora dos sistemas de ventilación e illamento das explotacións gandeiras
- A produción de enerxías renovables e bioenerxía para o seu uso nas explotacións agrícolas
- O cumprimento de novas normas obrigatorias da Unión Europea;
- A mellora das condicións de seguridade laboral
- A redución da erosión do solo
- A mitigación dos desastres naturais e riscos climáticos, e mecanismos de prevención contra os efectos adversos dos fenómenos extremos relacionados co clima



Plantación e mellora de cultivos leñosos de aptitude froitícola (árbores e arbustos froiteiros, fóra dos incluídos na medida 8 do programa, por exemplo, castiñeiros ou nogueiras, que non serán elixibles por esta media).

A compra de terreos por un valor inferior ao 10 % do gasto subvencionable.

Os investimentos inmateriais asociados á realización dos investimentos materiais enumerados e que comprendan gastos xerais, tales como honorarios dos técnicos que elaboren os proxectos de construción ou reforma, permisos ou licenzas.

✓ Fomento da utilización de maquinaria agraria en réxime asociativo

Compra de maquinaria agrícola

Honorarios dos técnicos que elaboren os estudos técnico-económicos de viabilidade do investimento

✓ Realización de proxectos de explotación conxunta de instalacións e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo

A reforma ou construción de instalacións que supoñan unha redución nos custos de produción ou un incremento da produtividade

A compra de terreos por un valor inferior ao 10 % do gasto subvencionable.

Os investimentos inmateriais asociados á realización dos investimentos materiais enumerados, que poderán comprender gastos xerais tales como honorarios dos técnicos que elaboren os proxectos de construción ou reforma, licenzas de software ou outros permisos

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, en particular para os relativos á construción, adquisición ou mellora de bens inmobles e a compra de terreos.

Non serán subvencionables:

- ✓ A compra de dereitos de produción agrícola, animais e plantas anuais e a súa plantación
- ✓ Os investimentos de simple substitución
- ✓ A maquinaria de segunda man
- ✓ Os gastos de conservación e mantemento ou os derivados de actividades de funcionamento da explotación
- ✓ Os montes baixos de ciclo curto
- ✓ A maquinaria ou equipamentos relacionados coa transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais, a maquinaria e equipamentos de carácter forestal





1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Establécense as seguintes condicións de admisibilidade, en función do tipo de operación a subvencionar:

- ✓ Mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización:

No caso de titulares de explotacións agrarias, estas han de estar inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) de acordo co Decreto 200/2012, de 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, exceptuando os casos nos que de forma simultánea soliciten unha axuda para a instalación de mozos (medida 6.1) ou se produza unha fusión de diferentes explotacións.

Os solicitantes que sexan persoas físicas deberán ter dezoito anos cumpridos e non chegar á idade de xubilación e deberán posuír a capacitación profesional suficiente, segundo se establece no Decreto 200/2012 (excepto os que simultaneamente soliciten axuda para primeira instalación de agricultores mozos que poderán alcanzar capacitación segundo o establecido na medida 6.1)

Os solicitantes que sexan persoas xurídicas deberán acreditar que, polo menos, o 50% dos socios posúen a capacitación suficiente.

Establécese un investimento mínimo subvencionable de 5.000€.

O volume total de investimento máximo subvencionable para cada beneficiario será de 120.000 €/ UTA, cun máximo de 1.000.000 €, nun período de catro anos.

As operacións de reestruturación deben dirixirse ás explotacións que necesitan apoio para superar os retos de axuste estrutural e ser economicamente sustentables a longo prazo. Esas operacións poden incluír ás explotacións que, debido ao seu tamaño físico limitado e os activos financeiros, só teñen un baixo grao de participación no mercado, explotacións orientadas ao mercado en determinados sectores, e/ou explotacións que poderían mellorar a súa competitividade a través da diversificación agrícola. Polo tanto os proxectos de reestruturación dirixiranse a algunha das seguintes explotacións:

As explotacións de orientación produtiva hortícola cuxo titular obteña, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total pola súa actividade agraria e que sexa igual ou inferior ao 35 por 100 da renda de referencia. Os titulares ou cotitulares destas explotacións deberán cotizar no Réxime Especial de Traballadores Autónomos por Conta Propia Agrarios, ou asimilados, e deberán realizar de forma persoal e directa os labores agrarios na explotación.





As explotacións agrícolas que mantendo determinada orientación produtiva, presenten un plan de viabilidade que supoña o inicio dunha nova actividade produtiva que supoña a diversificación das producións da explotación.

✓ Fomento da utilización de maquinaria agraria en réxime asociativo:

Neste tipo de operacións non é necesario cumprir a condición de agricultor activo.

As cooperativas agrarias e as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA), que han de estar inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia, terán un mínimo de catro socios. Todas as explotacións que formen parte dunha CUMA deberán estar situadas dentro dun radio de acción de 20 quilómetros.

As sociedades agrarias de transformación (SAT), que han de estar inscritas no Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación de Galicia, cuxo obxecto social prioritario sexa a utilización de maquinaria terán un mínimo de catro socios. As sociedades agrarias de transformación que non teñan como obxecto social prioritario a utilización de maquinaria, deberán proceder de fusión de explotacións agrarias.

As cooperativas de explotación comunitaria de terra terán un mínimo de catro socios.

Establécese un investimento mínimo subvencionable de 20.000 € e un máximo de 500.000 €.

✓ Realización proxectos de explotación conxunta de instalacións e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo:

Neste tipo de operacións non é necesario que se cumpra a condición de agricultor activo.

Establécese un investimento mínimo subvencionable de 100.000 € e un máximo de 5.000.000 €.

En todo caso, cando as actuacións de investimentos se realicen en zonas da Rede Natura 2000, deberá garantirse a compatibilidade coa biodiversidade e os valores ambientais destas zonas, a través da emisión dun informe favorable da autoridade competente en materia de medio ambiente.

Con excepción dos custos xerais previstos no artigo 45.2 c) do Regulamento (UE) 1305/2013, en relación coas operacións de investimento efectuadas no marco de medidas incluídas no ámbito de aplicación do artigo 42 do TFUE, unicamente consideraranse subvencionables os gastos efectuados despois de presentarse a correspondente solicitude á autoridade competente.

Os beneficiarios comprométese a exercer a actividade agraria e manter os investimentos obxecto da axuda durante o menos 5 anos dende o momento do pago da axuda.



1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Definiranse os criterios de selección con anterioridade ao comezo do proceso. Asignarase a cada criterio unha puntuación e a puntuación total será a suma de puntos de todos os criterios. En todo caso darase prioridade aos investimentos en proxectos innovadores e no marco de iniciativas de cooperación e desenvolvemento local. Tamén tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- ✓ Explotacións prioritarias ou agricultores profesionais
- ✓ Creación de UTA asalariadas
- ✓ Axuda ligada á incorporación dun mozo á actividade agraria
- ✓ Explotacións en zonas de montaña
- ✓ Explotacións de produción ecolóxica
- ✓ Investimentos de aforro enerxético que supoñan máis do 50% do investimento elixible
- ✓ Explotacións de titularidade compartida
- ✓ Investimentos de tecnoloxías novas e eficaces para reducir as emisións de CO₂ e amoníaco

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

O importe da axuda defínese en función das operacións a subvencionar:

- ✓ Mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación y modernización:

O importe da axuda será do 40% dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 60% en función da aplicación dos seguintes criterios:

10% cando o beneficiario sexa un agricultor mozo segundo a definición do Regulamento (UE) 1305/2013 ou que se instalara durante os 5 anos anteriores á solicitude de axuda. Neste último caso, os solicitantes deben cumprir todos os requisitos da definición de agricultor mozo prevista no Regulamento (UE) 1305/2013, incluíndo o requisito de idade.

10% en investimentos colectivos, cando o beneficiario procede de fusión de explotacións

10% para investimentos nas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013

10% no caso das operacións subvencionadas no marco da AEI en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola;



10% en investimentos relacionados con operacións en medidas agroambientais ou agricultura ecolóxica.

✓ Fomento da utilización de maquinaria agraria en réxime asociativo:

O importe da axuda será do 40% dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 65% en función da aplicación dos seguintes criterios:

En investimentos colectivos, cando o beneficiario procede de fusión de cooperativas o importe incrementarase nun 15%; se o beneficiario procede de fusión de sociedades agrarias de transformación, o importe incrementarase nun 10%.

10% para investimentos nas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013

✓ Realización proxectos de explotación conxunta de instalación e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo:

O importe da axuda será do 40% dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 70% en función da aplicación dos seguintes criterios:

10% en investimentos relacionados con operacións en agricultura ecolóxica.

10% en investimentos colectivos, cando o beneficiario procede de fusión de cooperativas

10% para investimentos nas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013

10% no caso das operacións subvencionadas no marco da AEI en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que





completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias

- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 19/1995, de 4 xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Rexistro de explotacións agrarias de Galicia (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/es/areas/explotaciones/registro_de_explotaciones_agrarias_de_galicia_reaga
- ✓ Rexistro de Cooperativas de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria)
<http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-cooperativas>
- ✓ Titularidade compartida de las explotacións agrarias en Galicia (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/es/areas/explotaciones/registro_de_explotaciones_agrarias_de_galicia_reaga/titularidad_compartida_de_las_explotaciones_agrarias
- ✓ Rexistro de sociedades agrarias de transformación de Galicia (Consellería do Medio Rural)
http://www.medioruralemor.xunta.es/areas/explotaciones/registro_de_sociedades_agrarias_de_transformacion_sats
- ✓ Infraestruturas no Medio Rural (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/areas/explotaciones/registro_de_sociedades_agrarias_de_transformacion_sats
- ✓ Guía práctica da Enerxía do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)
http://www.idae.es/uploads/documentos/documentos_11046_Guia_Practica_Energia_3_Ed.rev_y_actualizada_A2011_01c2c901.pdf
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.4.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

